



Concello da Coruña

Área / Unidad CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 74119I04PA	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/23763/2025 19/12/2025
<i>Código de verificación</i>  0Y4D 3Q1O 140M 5Q2Z 0LLA	Expediente 741/2025/1491	
	Fecha 17-12-2025	

ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 74119I04I5 de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 12.12.2025, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- DECLARAR CADUCADO o procedemento incoado por resolución de núm. RES/AYT/16272/2023 do 02.09.2023 con número de expediente 741/2023/689.

SEGUNDO.- INICIAR o procedemento para declarar a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co núm. 213,departamento 2º, ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro, que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a Aurelio Regueira Gilda (falecido) e Camila Martínez Souto (falecida) polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 5 de febreiro de 1997

TERCEIRO.- OUTORGAR trámite de audiencia aos interesados por un prazo de **10 días hábiles**, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015.)

Advírtese que rematado o devandito prazo sen que os interesados formulen alegacións ou acheguen novos documentos, continuará a tramitación do procedemento coa declaración da extinción dos dereitos funerarios e procederase a exhumación dos restos cadavéricos existentes nas instalacións funerarias para o seu traslado ao osario municipal.



A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández
Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)